



3 % PARA OS TRABALLADORES – 15 % PARA OS ACCIONISTAS

O comunicado enviado pola empresa o pasado 22 de xaneiro, no que se fala do IPC "real" do ano 2008 e a suba nos salarios pactada no vixente Convenio Colectivo, ven explicarnos con claridade o "enorme logro" conseguido en canto a aspectos salariais.

Antes que nada debemos repetir, unha vez mais, que o IPC do que se fala no comunicado non é REAL, é o dato "oficial", isto é: o dato que publica o goberno e que todos sabemos que está moi por debaixo do IPC real.

A empresa nos explica con claridade que cando se asinou a suba do 3% sobre a masa salarial, se fixo coa intención de que nos quedáramos outra vez cunha suba por debaixo do IPC. Realmente esa foi tamén a situación en case todo o ano 2008 pois se revisamos as cifras do IPC "oficial" (o publicado polo INE) vemos como só houbo dous meses nos que estivemos por baixo do aplicado no convenio:

Periodo		Incremento Relativo %
Enero 2007	a Enero 2008	4,3
Febrero 2007	a Febrero 2008	4,4
Marzo 2007	a Marzo 2008	4,5
Abril 2007	a Abril 2008	4,2
Mayo 2007	a Mayo 2008	4,6
Junio 2007	a Junio 2008	5,0
Julio 2007	a Julio 2008	5,3
Agosto 2007	a Agosto 2008	4,9
Septiembre 2007	a Septiembre 2008	4,5
Octubre 2007	a Octubre 2008	3,6
Noviembre 2007	a Noviembre 2008	2,4
Diciembre 2007	a Diciembre 2008	1,4

(©) INE. Actualizado el 15 de enero de 2009

Como se pode observar neste recadro, só houbo dous meses (novembro e decembro) nos que o IPC "oficial" estivo por baixo do 3% asinado no Convenio, ata novembro pois, estivemos perdendo poder adquisitivo como fixemos ao longo dos últimos 15 anos. Lembremos tamén que o 3% é sobre a masa salarial pois sobre o Soldo Base a suba é tan só do 2.7%. A nota que envía a empresa está a dicirnos que non estaba no ánimo do Convenio recuperar poder adquisitivo senón todo o contrario, cando o Convenio se asina o IPC estaba no 5%.

Sería un erro fixar a nosa ollada no dato publicado do IPC no ano 2008, esquecendo os enormes beneficios que tivo a empresa durante os últimos anos, beneficios que se estiveron incrementando ano tras ano sen que se vise reflectido nos traballadores e traballadoras que contribuíron a eses resultados.

Tampouco debemos esquecer incrementos obscenos nos salarios dos directivos cando ao conxunto dos traballadores se nos subía o soldo por baixo do IPC, lembremos tamén que o resto dos conceptos económicos levan conxelados anos e anos, lembremos que este convenio só actualiza a dieta interprovincial e o kilometraxe, conceptos que cobran os delegados sindicais estatais !!!

Despois do perigoso Convenio Colectivo que se acaba de asinar, no que se abre a porta á modificación salarial e a un novo modelo de clasificación profesional, totalmente contrario aos intereses dos traballadores e traballadoras, despois da sangría constante na destrución de emprego e da modificación á baixa das nosas condicións laborais, despois de ter incrementado a nosa produtividade ata cotas que nos sitúan nos primeiros postos na Unión Europea, despois do anunciado reparto de dividendos para o 2009... despois de todo isto, que agora se nos poida botar en cara que durante dous meses o noso salario medrara por riba do IPC "oficial" di ás claras cal é a intención da empresa. É fundamental non caer na trampa de negociar para os anos de vixencia do convenio rebaixas que dende logo non nos merecemos.

Loita coa CIG pola defensa dos teus dereitos

Galiza, 28 de xaneiro de 2009